



Preparar xa a resposta ós ataques da burguesía

EDITORIAL

Hai tan só un ano, no día da Patria de 2010, milleiros de galegos nos manifestabamos en Compostela con dúas motivacións: a loita contra o decretazo antigalego da Xunta do PP (tras mobilizacións masivas e unha folga no ensino), e a preparación da Folga xeral estatal do 29 de Setembro.

En maio dese ano o Goberno central decidiu dar por finalizado o seu discurso sobre “non facer pagar a crise ós febles” e lanzouse a cumprir obedientemente os ditados da burguesía. A súa ofensiva antiobreira (primeiro o recorte salarial ós empregados públicos, despois a contrarreforma laboral para abaratar e facilitar o despedimento) obrigou ós dirixentes de CCOO e UGT a convocar a folga xeral do 29 de Setembro.

Isto aconteceu hai un ano. Dende entón, moitas cousas pasaron, incluíndo dúas folgas xerais (29-S e 27-X), o pacto de pensións, o estoupido social do 15-M e unhas eleccións municipais no país. Todo isto dentro do marco da maior recesión económica dende os anos 30 do século pasado, co seu regueiro dun cartón de millón de desempregados en Galiza, embargos, reducións do gasto e retrocesos sociais históricos en pensións, idade de xubilación e convenios colectivos.

Dúas folgas xerais en Galiza

A folga xeral estatal do 29 de Setembro tivo un seguimento masivo en Galiza, sendo unha das zonas do Estado onde acadou un maior éxito.

O Goberno non recuou e mantivo a contrarreforma laboral. O 29-S podía ser o inicio dunha rebelión social que frease os ataques da burguesía se os dirixentes sindicais lle tiveran dado continuidade. A posibilidade de ter provocado ese estou-

pido non é teórica; confirmouse este 15 de maio. E precisamente foi o medo a desencadear un movemento masivo por abaixo, no que participaron de xeito consciente milleiros de traballadores desbordando á dirección sindical, o que asustou ós dirixentes de CCOO e UGT, quen pouco despois facían todo o posible por arrefriar o ambiente e retomar os pactos e consensos co Goberno e a patronal, política que levounos a avaluar un ataque salvaxe como a reforma das pensións.

No caso de Galiza, un dos feitos máis salientables do último ano foi, sen dúbida, a convocatoria da folga xeral do 27 de xaneiro para lle facer fronte a este novo ataque.

Por primeira vez a folga foi convocada en solitario pola CIG. As direccións de CC.OO e UGT negábanse a facer fronte ás medidas antiobreas do Goberno e a patronal. En contraste con isto, o 27-X era un referente de loita, unha apelación á mobilización. Era una acción na dirección correcta para defender os intereses dos traballadores e, polo tanto, os marxistas apoiámola totalmente. A convocatoria enfrontouse a varias dificultades, empezando pola actitude desmobilizadora das direccións de CCOO e UGT (que en Navantia-Ferrol incluso levou á formación dun contrapiqueo o día 27). Outros aspectos tamén supuñan unha dificultade, como o feito de tratarse dunha folga autonómica para facer fronte a un ataque estatal, o feito de estar convocada por só un dos tres sindicatos **maioritarios** existentes no país, o medo ó despedimento nun contexto de paro masivo, e tamén certo retraso, dúbidas e titubeos da propia dirección da CIG no proceso da convocatoria.

Eses son os aspectos que hai que ter en conta e que salientan que, pese a todo, sectores clave da economía galega, fundamentalmente o sector naval vigués, pararon a súa actividade o 27-X.

Os milleiros de persoas que acudimos ás manifestacións do 27 pola mañá (en horario laboral) evidencian que, pese a que moitas empresas permaneceron abertas, houbo un número significativo de traballadores en todas elas que secundaron a folga.

15-M: o estoupido de indignación social

Con todo, os ataques á clase traballadora sucedíanse. Os dirixentes de CCOO e UGT non só non daban unha resposta, se non que avalaban os ataques. Pola súa banda, a dirección da CIG, trala convocatoria da folga de xaneiro, tampouco foi quen de canalizar o xigantesco descontento acumulado.

E se a mocidade e a clase traballadora tiñan o camiño da loita sindical bloqueado, no terreo electoral tampouco había nada atractivo. Este bloqueio, tanto no terreo sindical como electoral, provocou que, dun xeito accidental, o enorme malestar social atopase unha vía de expresión a través da mobilización directa na rúa, no movemento 15-M. Este movemento reflicte a enorme disposición das masas á loita e un crecente cuestionamento do sistema capitalista. A pesar das mensaxes confusas dalgúns dos seus promotores, que fan bandeira do apoliticismo, o certo é que este movemento reflicte as condicións extraordinariamente maduras para que un programa xenuinamente socialista teña hoxe unha audiencia de masas.

Nese contexto tería sido enormemente positivo que os sindicalistas combativos de CIG, CC.OO e UGT, tiveran participado activamente deste movemento, coas súas siglas e bandeiras, proponendo a convocatoria dunha folga xeral para lle facer fronte ós ataques, explicando a necesidade de vincularse ó movemento obreiro, de ir ás empresas, e de esixir ós dirixentes dos sindicatos maioritarios a ruptura da súa política pactista.

Tras as masivas manifestacións do pasado 19 de Xuño, nas que participaron cerca dun millón de persoas en todo o estado, a idea da folga xeral converteuse nun eixo central do movemento 15-M. A dirección da CIG debe aproveitar esta situación e participar activamente aí.

Unha folga xeral, convocada co impulso do movemento 15-M e as manifestacións do 19-X, sería unha folga moi distinta. A posibilidade de utilizar as asembleas de barrio como comités de acción para estender a loita a cada recuncho de cada cidade, en coordinación cos comités de empresa e delegados sindicais, faría que esta folga xeral tivese un seguimento histórico.

Xiro á dereita nas eleccións municipais?

E en medio deste estoupido, celebráronse as eleccións municipais do 22 de maio.

O Partido Popular foi o partido máis votado, ó obter 710.000 votos, 54.000 máis ca en 2007. Máis significativo aínda é o importante retroceso do PSdeG-PSOE e a aínda máis profunda (porcentualmente) caída do BNG. Esquerda Unida, pola súa banda, incrementou o seu apoio en cerca de 8.000 votos.

Preparar xa a resposta ós ataques da burguesía

TOTAL GALIZA	Votos 2011	Votos 2007	Variación absoluta	Variación relativa
Partido Popular	709.816	655.640	54.176	8,26%
PSdeG	411.458	478.024	-66.566	-13,93%
BNG	261.513	315.279	-53.766	-17,05%
Esquerda Unida	30.188	22.587	7.601	33,65%

VÉN DA PORTADA

O recorrente mantra sobre un suposto xiro á dereita da sociedade, que temos que soportar cada vez que o PP gaña unas eleccións, é falso.

O PP gañou nestas eleccións 54.000 votos. Sen dúbida, un certo sector traballadores que votaban á esquerda, votou-lles nesta ocasión. Pero no caso de Galiza, a diferenza de outras zonas do estado, amplos sectores das capas medias votaban nos últimos anos (máis concretamente dende a catástrofe do *Prestige*) á esquerda. Como xa se evidenciou nas autonómicas, a crise e os seus efectos empurraron a esta capa cara á dereita.

Esta idea queda ben reflectida co seguinte exemplo: A provincia onde o PP tivo un maior incremento de votos foi, con gran diferenza, A Coruña, onde gañou 40.000 dos 54.000 votos que medrou en todo o país. E foi na capital da provincia onde obtivo o seu incremento máis salientable (máis de 14.000 votos). Nesta cidade asistimos hai non moito tempo a unha manifestación masiva de pequenos propietarios, semiarruinados pola construción de megacentros comerciais na cidade (incluíndo un dos máis grandes de Europa). Non é difícil concluír que o groso do incremento do apoio ó PP veu esta vez do transvase de voto da pequena burguesía urbana, e dun xeito máis minoritario, de sectores atrasados da clase obreira.

Os resultados confirman esta análise: Si, o PP gañou 54.000 votos, pero o PSdeG e o BNG perderon máis de 120.000! ¿Onde van o resto dos votos?

Esquerda Unida gaña case 8.000 votos, a abstención medrou en 50.000 persoas e os voto nulos e brancos aumentaron en máis de 24.000 votos (chegando ós 65.000 sufraxios).

No caso das cidades, que reflicten sempre un voto máis ideolóxico que os pobos e aldeas, os resultados reforzan esta idea.

Para empezar, alí a suma dos votos da esquerda supera á dereita.

O PP incrementa os seus votos en cerca de 15.000, pero este aumento está moi baseado na cidade de A Coruña, mentres en Pontevedra, Vigo e Ourense perdeu votos. Pero o PSdeG-PSOE e o BNG perden 42.000, algo que só pódese explicar polo transvase cara EU, a abstención ou o voto nulo e branco.

VOTO NAS 7 CIDADES	Votos 2011	Votos 2007	Variación absoluta	Variación relativa
BNG	67.753	95.617	-27.864	-29,14%
PSdeG	151.006	165.410	-14.404	-8,71%
PP	210.291	195.685	14.606	7,46%
Esquerda Unida	22.171	14.499	7.672	52,91%
Votantes			-7.730	
Suma incrementos brancos e nulos			10.927	

O incremento da abstención produciuse en medio de manifestacións masivas no "día de reflexión". Desta vez é claro que milleiros de abstencionistas non o eran por apoliticismo, se non como mostra de rexeitamento á política oficial burguesa. O mesmo rexeitamento amosan as numerosas papeletas nulas, moitas de elas con referencias ó 15-M.

E a estes datos, habería que engadir-lle outro: a abstención, xa histórica en grandes núcleos obreiros como Ferrol,

onde roza o 50%, reflicte o distanciamento entre a política oficial e as inquietudes de amplas capas da clase traballadora que dende hai xa tempo dan as costas ós procesos electorais.

As eleccións municipais expresaron unha moi fonda polarización social. Pero esta polarización, que divide a sociedade entre dereita e esquerda, só ten expresión electoral pola dereita, a través do PP. Unha parte do enorme malestar pola esquerda coa política antiobreira da socialdemocracia non ten un canle de expresión electoral e, coa excepción do modesto voto a EU, canalizouse no voto branco, nulo ou na abstención. O BNG, que no pasado foi o destino dese voto, hoxe non aparece como alternativa.

A situación do BNG

Hoxe o BNG perdeu boa parte do seu atractivo ante milleiros de mozos e traballadores combativos de Galiza. Cada vez máis é percibido como "máis do mesmo", como parte da política oficial burguesa.

Feitos como a recente incorporación á empresa privada do que fora até hai ben pouco máximo dirixente do BNG, Anxo Quintana, non poden se non reforzar esta percepción. E precisamente cando un programa de profunda transformación social, nitidamente anticapitalista, conectaría coas ilusións de centos de milleiros, a dirección do Bloque está completamente empantanada nunha política que pouco a diferencia do PSOE. Os seus malos resultados electorais son consecuencia deste xiro cara a dereita.

O BNG perde nestas eleccións 54.000 votos, o 17% do seu electorado. E o que é máis grave, retrocede dun xeito moi severo nas zonas máis proletarias de Galiza, alí onde logrou enraizar con forza a mediados dos anos 90.

Nas sete cidades, a caída do BNG case duplica a caída no país, malia avanzar en Pontevedra. Pero é nas dúas cidades galegas nas que se concentra o groso da clase obreira industrial, Vigo e Ferrol, onde o seu retroceso é máis abraiante: en Vigo o BNG perdeu desta volta o 41% dos votos; entre as eleccións de 2003 e as actuais, perdeu case o 60% dos seus sufraxios.

No caso de Ferrol, a caída este ano foi máis moderada (10%), pero se se

compara cos resultados que obtiña hai non moitos anos nas eleccións municipais (máis de 11.000 votos no ano 99, fronte os menos de 3.000 da actualidade) se evidencia que dende aquela o BNG perdeu nada menos que o 73% do seu electorado.

O feito de que o Bloque gobernara en ámbalas dúas cidades no pasado recente contribuíu a deixar en evidencia que a súa política non supuxo unha onda transformación social, nin moito menos. Ou-

tros dous núcleos obreiros importantes, onde o BNG gobernou tradicionalmente e perdeu a alcaldía (xa no 2007) son As Pontes e Fene. No primeiro perdeu case o 60% dos seus votos entre 2003 e 2011 e no segundo o 40% nese mesmo período.

O xiro á dereita por parte da dirección do BNG exprésase tamén, e isto é algo que ten absoluta vinculación cos resultados electorais, nun retroceso na súa presenza nas rúas e nos conflitos laborais e sociais. Até hai non moitos anos, de ter estoupado un movemento como o do 15-M, o BNG estaría, sen dúbida, á súa cabeza.

Esta situación ten aberto no BNG unha profunda división interna, que reflicte as diferentes presións de clase no seu seno. Por unha banda, o sector máis vencellado ó movemento sindical rebélase contra o xiro e pula pola volta do Bloque a unha política máis combativa. E pola outra, o sector máis vencellado á pequena burguesía, hoxe encabezado por Aymerich, pretende levar até as súas derradeiras consecuencias o xiro emprendido e converter ó BNG nun partido nacionalista burgués.

Esta corrente de pensamento exprésase con claridade, por exemplo, na entrevista a Fernando Suárez, alcalde de Ribadeo polo BNG, que ten como significativo título "O BNG non pode ir dez pasos por diante da sociedade". Nela, Suárez afirma que "Galiza ten moita xente que traballa pero non só obreiros, mariñeiros e labregos; tamén empresarios e emprendedores que puxan pola economía galega" (*A Nosa Terra* dixital, 30/5/2011).

Este sector considera que a forma de medrar no terreo electoral é, contra todas as evidencias, que o BNG abandone definitivamente calquera perfil de esquerdas e se abra de par en par á burguesía galega.

Sen dúbida, de seguir profundando nesa liña, máis tarde ou máis cedo un choque violento entre o BNG e a CIG será inevitable, cos efectos internos dentro do Bloque que isto conlevaría, exacerbando ás tensións de clase que hoxe existen e levándoas cara un punto de ruptura, como xa aconteceu na organización estudantil do Bloque.

Perspectivas

A irrupción do movemento 15-M cambiou a situación política e social en todo o Estado español. Fixo consciente á xente da súa forza e rompeu definitivamente coa idea de que non é posible loitar contra os ataques laborais e os recortes sociais. Aspectos como á perda de medo ante a represión (como en Plaça Catalunya), o desafío a legalidade burguesa (incumprimento dos ditames da Xunta Electoral Central), ou a masividade da manifestación do 19 de xuño, dan mostra da profundidade deste movemento. Un movemento que volveu poñer enriba da mesa a posibilidade da convocatoria dunha folga xeral e contribuíu tamén a dificultar enormemente o mantemento da actual política de paz social por parte de CCOO e UGT.

Esta semana, Toxo, secretario xeral de CCOO escribiu isto na *Gaceta Sindical*: [é posible que] "en ocasións e por parte de certos colectivos, se nos vira excesivamente próximos ó poder e por tanto recelaran de nós".

E tamén recoñecía como un erro "a dinámica interna na que nos estamos instalando, con moita presenza nas sedes sindicais e menos nos centros de traballo".

É difícil non ver nisto a tremenda presión da crítica ós dirixentes sindicais expresada no 15-M.

Tamén o estoupido social presionou á dirección da CIG. Tralos meses de escasa actividade que seguiron á folga xeral de xaneiro, a CIG convocou manifestacións en protesta pola dramática situación que atravesaba o sector naval e en contra da reforma da negociación colectiva asinada polo Goberno, así como unha marcha de desempregados a Compostela. Nesa marcha, Suso Seixo anunciou á convocatoria de manifestacións en Outubro para preparar unha nova folga xeral que incluso podería ser de ámbito estatal. Ese é o camiño. Os marxistas de EL MILITANTE apoiamos sen reservas esta proposta da CIG. Hai forza e condicións para facerlle fronte ós ataques. Sería un gran paso adiante que a CIG convocase esta folga en coordinación co movemento 15-M tal e como plantexamos máis arriba e que pulase enerxicamente por estender á folga ó resto do Estado facendo un chamamento compañeiro ós traballadores e traballadoras de CCOO e UGT a loitar xuntos.

Entrando nas perspectivas, no ámbito autonómico o PP xa empezou a demostrar a súa verdadeira faciana: lei contra o galego, recortes no ensino público, privatización da sanidade, eliminación de porcentaxes mínimos para a venda protexida nos concellos... E é evidente que isto é só o principio.

No ámbito estatal, gañe quen gañe as próximas eleccións xerais, a perspectiva é a dun axuste económico salvaxe. Grecia está a piques de entrar en suspensión de pagos. A prima de risco de Italia e o Estado español está en máximos históricos. As axencias de calificación de débeda veñen de rebaixar a débeda portuguesa ó nivel de bono basura e a banca española está absolutamente exposta á débeda lusa. A suspensión de pagos por parte de Portugal fundiría aínda máis a economía española.

Baixo o capitalismo non hai saída. Ou rompemos co sistema ou teremos lustros de desemprego masivo, desmantelamento do estado do benestar e empobrecemento drástico das masas. Esa é a única receita que teñen tanto a dereita como a socialdemocracia para saír da crise, dentro de moitos anos, en calquera caso.

E fronte a isto, temos a enorme disposición á loita para frear os ataques por parte da clase obreira e a mocidade e un fondísimo cuestionamento do capitalismo por parte de millóns... As masas árabes levantáronse contra a ditadura e a explotación. Os traballadores franceses protagonizaron no outono pasado un movemento folguístico que durou meses e onde estiveron presentes a ocupación das refineries, as folgas indefinidas en multitude de fábricas, etc. En Grecia, trala folga xeral de 48 horas, existe nestes momentos unha auténtica situación de rebelión social, que abre ás portas á unha situación revolucionaria... Estamos entrando nun dos períodos máis convulsos da historia. A loita nos vindeiros anos será decisiva, e será internacional. Para ese escenario debemos prepararnos.

A tarefa central é achegar ás masas as ideas do auténtico socialismo, as ideas do marxismo revolucionario, que plantexan a expropiación dos medios de produción e a súa posta en funcionamento baixo o control dos traballadores, para resolver as necesidades da inmensa maioría da sociedade. Só este programa pode garantir-nos unha vida digna de ser vivida.

**Únete á corrente marxista
EL MILITANTE para loitar con nós
por estas ideas**

Ofensiva da Xunta contra o ensino público

Á volta das vacacións... Hai que parar as aulas!

Sindicato de Estudantes

Jesus Vázquez segue a facer méritos para se converter no conselleiro de Educación máis odiado na historia de Galiza. Primeiro foi o decreto contra o galego nas aulas, nun contexto no que segundo datos do sindicato STEG, o 90% do alumnado das cidades está escolarizado en castelán. Este decreto foi masivamente respaldado con varias manifestacións de masas e unha folga xeral do ensino moi exitosa. E outra vez, cando chega o fin de curso e a capacidade de resposta de mestres e estudantes é case imposible, a Xunta volve á carga con multitude de decretos contra o ensino público galego.



empeorar as condicións de estudo dos fillos dos traballadores.

Conversión de IES en CIFPs

No inicio do verán, a consellería aprobou un proxecto de decreto que converte sete institutos en Centros Integrados de Formación profesional. Esta medida, que xa está a provocar mobilizacións (en Coruña, por exemplo) vai provocar o desprazamento forzoso de uns 2.000 alumnos a outros centros, coa conseguinte masificación que suporá.

Endurecemento das normas de permanencia na USC

Dentro da política de expulsar ós fillos dos traballadores do Ensino Superior, o Goberno da Universidade de Santiago de Compostela ven de aprobar un endurecemento das normas de permanencia, con-

sistente entre outras medidas en que a partir de agora, o “non presentado” nunha materia dunha carreira adaptada a Boloña, correrá convocatoria. Deste modo, o estudante terá que pagar unha segunda matrícula, máis cara da xa custosa primeira matrícula. Por outra banda, o traballo de fin de Grao non poderá ser defendido se o alumno non ten tódalas materias aprobadas, de xeito que moitos estudantes terán que esperar un ano enteiro máis para se poder graduar.

Aumento do horario lectivo do profesorado e recorte de mestres

Dun xeito ditatorial —desaloxando da consellería pola forza ós representantes do profesorado— a Xunta ven de ampliar catro horas á semana o horario lectivo do profesorado galego. En realidade, a proposta non persigue outra cousa que dar satisfacción as demandas dos empresarios do sector do transporte escolar. O incremento de horas dedicarase á *vixianza* dos alumnos “desde que chegan ó centro en bus ata que entran a clase, desde que saen ata que suben nel”. Esta medida terá dous efectos: o primeiro é a redución de uns mil mestres, segundo denuncia a CIG. E o segundo é o emprego do tempo do profesorado en tarefas alleas á labor docente, coa súa correspondente redución horaria en temas como as excursións, bibliotecas, titorías, reforzos fora do horario lectivo, ou a imposibilidade de cubrir substitucións, etc. Non cabe a menor dúbida de que isto empeorará a calidade do ensi-

no que recibimos os fillos e fillas dos traballadores nos centros de estudo.

E por suposto, o recorte de profesorado previsto vai ter consecuencias moi serias, en forma de recortes de clases de apoio para loitar contra o fracaso escolar, imposibilidade de substituír ó profesorado de baixa médica, etc.

Un exemplo especialmente duro disto témolo no Colexio San Xoán de Ferrol, centro actualmente ocupado por pais e nais de alumnos en protesta pola situación que atravesan. Este centro, que recibiu varios premios pola súa labor de integración social de alumnos con necesidades especiais, ven de sufrir un drástico recorte de profesores a mans da Consellería. Trátase dun centro onde o 48% do alumnado precisa atención educativa especial e onde moitos proveñen de familias en risco de exclusión social. E sen embargo, a Xunta decidiu recortar para curso que ven sete profesores, malia que o centro terá 18 alumnos máis.

A filosofía de fondo é clara: que estude que o poida pagar, isto é, os fillos dos ricos.

Fronte a isto, o pasado 28 de xuño, tivo lugar unha masiva manifestación de 15.000 profesores de todo Galiza, contra os ataques da consellería. As medidas que os seis sindicatos do ensino convocantes plantexaron, inclúen a convocatoria dunha folga xeral no ensino no inicio do curso escolar.

Dende o Sindicato de Estudantes collemos con ámbalas dúas mans esta proposta, que consideramos imprescindible para evitar o deterioro drástico do ensino público. Poñémonos xa a disposición dos sindicatos do profesorado para organizar unha gran folga xeral no ensino o próximo curso e chamamos ó conxunto do estudiantado do país a loitar con nós.

Conversión de IES en centros integrados de FP, incremento do horario lectivo do profesorado, redución do número de docentes, peche de ciclos formativos no rural, endurecemento das normas de permanencia na USC... O denominador común de todas estas medidas é o mesmo: recortar o gasto no ensino público. Entre tanto, os concertos educativos ó ensino concertado non deixan de medrar para encher os petos dos empresarios do ramo. Tal e como explicaba un pai de Ourense: “É increíble; non pagamos ós nosos fillos os colexios caros, pero estamos a pagar ós fillos dos nosos veciños ricos” (*El País*, Galicia, 4/7/2011)

Por suposto, estes recortes están xa a ter efectos: supresión da gratuidade dos libros de texto ou reducións de comedores. E vai a máis. O recorte de profesorado vai

A carga de traballo remata nos estaleiros ferroláns

Javi Losada

Sector Crítico de CCOO · Navantia-Ferrol

Aínda que a crise económica empezou en 2007, os seus efectos non se deixaron sentir con toda a súa forza na comarca ferrolá porque os estaleiros (motor económico da comarca) tiñan traballo, como resultado dos contratos asinados con Noruega e Australia antes da crise. Pero a carga de traballo empeza a esgotarse e as repercusións desta situación empezan a notarse.

Durante os últimos catro anos non se asinou ningún contrato, excepto a recente adxudicación de 5 bloques dun buque australiano que non resolven o problema, e iso significa que aínda que se asinase agora (moi improbable) o efecto sobre o emprego non se produciría ata 2013. Esta difícil perspectiva vese agravada polo feito de que tampouco hai traballo fóra, e todos sabémolo.

Ante esta perspectiva, en maio mobilizámonos esixindo carga de traballo para os estaleiros. Esencialmente todo se reduciu a un peche (24 horas) dos comités de empresa dos estaleiros no concello o día 11, un peche de todo o persoal no estaleiro a tarde do día 19, e dúas manifestacións os días 12 e 19 onde participaron máis de 5.000 traballadores en cada unha delas. Manifestacións que deron unha sensación de poderío que dende hai moito tempo non sentíamos na comarca. Dende entón, hai xa dous meses, ningunha mobilización pola carga de traballo.

O erro dunha estratexia localista

Os traballadores demostramos con fartura a disposición á loita que temos, pero as ganas non son suficientes para un reto

Formar unha coordinadora da industria auxiliar para dar unha loita xeral

desta envergadura. Tamén é necesario ter uns dirixentes cunha estratexia correcta. E aí radica o primeiro problema: os actuais dirixentes sindicais están a expor unha loita de tipo local, orientada a facer confluír a traballadores e empresarios da comarca de Ferrol, en lugar de confluír co conxunto da clase obreira.

Como explicamos durante estes meses en diferentes asembleas e a través de carteis e panfletos, é un erro porque este non é un problema específico dos traballadores de Ferrol. En realidade está inscrito no problema xeral ó que se enfronta a clase obreira mundial, é dicir, a nosa sorte está unida á do conxunto da clase obreira. Máis concretamente en lugar de confundir á xente creando ilusións nunha alianza cos empresarios locais, deberíamos de explicar que a nosa situación non é algo excepcional, que a falta de carga de traballo ten a mesma raíz que a reforma laboral, a das pensións ou a da negociación colectiva; que os ataques á empresa pública teñen o mesmo carácter que os ataques á sanidade ou á educación; que todos estes ataques responden o intento da gran banca e as grandes empresas por facer que os traballadores sexamos os que paguemos os pratos rotos dunha crise que eles mesmos crearon. ¿Ou alguén cre a estas alturas que a sexta fragata atópase lonxe de ser contratada por cuestións alleas a esta realidade?

Pero xa non é que adoptemos unha estratexia equivocada, é que nin sequera nos estamos mobilizando. Deixamos pasar estes dous meses sen mobilizacións porque os dirixentes, os comités da empresa principal en ámbolos dúas factorías (Ferrol e Fene), se centraron nas eleccións sindicais e non tiveron tempo a organiza-la loita, cuestión á que se debe dedicar un enorme

esfuerzo. Só dende esa óptica enténdese que desperdiçásemos dous meses.

E isto non é todo, o nivel de horas extras que estase a facer dentro da fábrica é moi similar ó que se facía con carga de traballo plena. ¿Como se pode permitir semellante aberración? Cando moitos compañeiros están a ser despedidos porque se acaba o traballo, ¿como é posible que os nosos dirixentes miren para outro lado e permitan facer tal volume de horas extra? Ó marxe de que sindicalmente é intolerable acepta-la práctica xeneralizada de horas extra, o corte inmediato e efectivo das mesmas é unha medida que se debeu de tomar hai moito tempo como medida de presión elemental, cando ademais isto reduciría o número de despedimentos producidos dende que a carga de traballo empezou a remitir.

É necesaria unha coordinadora da industria auxiliar

Con todo, nestes dous meses de ausencia de mobilizacións pola carga de traballo asistimos a dúas mobilizacións particulares dentro dos estaleiros. Por unha banda, os traballadores de Tecnymo, unha empresa de aceiros, mobilizáronse esixindo o recoñecemento como indefinidos para toda unha serie de compañeiros eventuais. E doutra banda, a substitución das empresas que xestionaban o servizo de bombeiros e prevención (H2O e Xestores de Prevención respectivamente) por unha nova que se encarga de ámbolos dous servizos (SPRIL Norte) desencadeou a mobilización do persoal afectado para que se lle respectasen as súas condicións laborais.

Onde hai malestar producíranse loitas. Estas poden ser específicas (como as de

Tecnymo, H2O e Xestores de Prevención) ou xerais (como a loita pola carga de traballo). De nós depende que sexan dun tipo ou doutro. Pero a importancia de organizarse para dar loitas xerais é de vital importancia se queremos estar á altura dos retos que se nos veñen enriba.

A demostración de que a forza se deriva da organización podémola ver moi facilmente dentro das murallas dos estaleiros. Os traballadores da industria auxiliar suman aproximadamente 4.000 traballadores entre as dúas factorías, os traballadores da empresa principal apenas 2.400. A pesar de que por número a industria auxiliar dobra á principal, na práctica a dirección sindical tena a principal. ¿Por qué? Porque os traballadores da principal están organizados nunha única sección sindical, e os da industria auxiliar están divididos nunha xungla de comités de empresa e delegados que non se ven como parte dun todo.

No momento que se tome conciencia desta realidade daremos un salto cualitativo na realidade sindical dos estaleiros. Para iso é necesario formar unha coordinadora da industria auxiliar que unifique ós máis de 4.000 traballadores que a conforman. Unha coordinadora que ademais debe centrarse nos problemas xerais como a loita pola carga de traballo se quere xogar o papel de unificar e organiza-los traballadores da industria auxiliar. Cando isto se produza, e producírase máis cedo que tarde, a dirección sindical dos estaleiros deixará de ser monopolio exclusivo da principal, e de verdade empezaremos a apreciar-lo verdadeiro potencial revolucionario que a clase obreira ferrolá conserva dun pasado que non esqueceu, aínda que moitos pensen o contrario.

A Fundación Federico Engels acaba de publicar o primeiro volume do libro de Juan Ignacio Ramos *Revolución Socialista y Guerra Civil (1931-1939)*. Para coñecer máis a fondo o contido do mesmo e as razóns da súa edición entrevistamos ao seu autor, membro tamén da Corrente Marxista EL MILITANTE desde 1983.



EL MILITANTE.— O período da Segunda República e a guerra civil foi obxecto de numerosas publicacións nos últimos anos, que achega este novo libro?

Juan Ignacio Ramos.— Si é certo, poucos acontecementos da historia contemporánea, coa excepción quizá da Segunda Guerra Mundial, produciron unha cantidade tal de literatura, traballos científicos e ensaios.

En *Revolución Socialista y Guerra Civil (1931-1939)* tentei abordar a interpretación daqueles anos desde a perspectiva do materialismo histórico e o marxismo revolucionario, situando a loita de clases como vértice do libro. Non é un aspecto secundario. Na miña opinión, a historia é en primeiro lugar un combate pola verdade, e a verdade é sempre concreta. Depende do punto de vista de clase que se adopte. No Estado español houbo unha auténtica revolución social, que se prolongou polo menos durante seis anos e que finalmente adquiriu a forma dunha guerra civil. Millóns de oprimidos tomaron nas súas mans o destino das súas vidas e libraron un combate exemplar por cambiar de raíz as estruturas sociais, económicas e políticas. A decisión dos traballadores da cidade e do campo foi enfrontada pola burguesía, os terratenentes e a casta de oficiais cun levantamento armado.

Durante décadas pretendeuse ocultar a auténtica natureza daqueles acontecementos, camuflando unha revolución que de verdade existiu para darlle un sentido equívoco, coma se tratácese dunha loita en defensa da democracia burguesa, cando é obvio que non foi ese o obxectivo polo que pelexaban millóns de traballadores e campesiños nas trincheiras. Tanto neste primeiro volume como no que lle seguirá tratei de aclarar o feito central: que os traballadores e os campesiños protagonizaron unha formidable revolución social, e que esta foi decapitada e traizoada non só polos fascistas, senón por aqueles dirixentes da esquerda que en lugar de ofrecer un programa, unha táctica e unha estratexia, no plano político, económico e militar para coroala con éxito, afogárona e asfixiaron por aplicar unha política de colaboración de clases coa burguesía, política que xa conducira ao fracaso a outras crises revolucionarias vividas anteriormente.

Nova publicación da Fundación Federico Engels

Revolución Socialista y Guerra Civil (1931-1939)

Volume I. Las raíces históricas

EM.— O capítulo introdutorio do libro titúlase *Memoria Histórica*. A loita pola recuperación da memoria histórica adquiriu unha expresión moi ampla nos últimos anos. Que opinas disto e que relación garda co libro?

JIR.— Teño un profundo sentimento de recoñecemento e admiración por miles de persoas que coa súa actuación tenaz e desinteresada, moitas veces sen apenas medios, e sometidos a moitas adversidades, están a lograr que a verdade dos crimes do franquismo descúbranse e saian á luz. O libro dedica a introdución á *Memoria Histórica*, non só co fin de denunciar unha represión que se converteu nunha auténtica política de exterminio contra a clase obreira e as súas organizacións, debidamente planificada e sostida polos militares, pola xerarquía eclesiástica, polos empresarios e banqueiros españois. Tamén insisto na necesidade de que eses crimes, que levaron aos paredóns de execución a máis de 150.000 persoas, non só deben ser xulgados e castigados, que as vítimas e os seus familiares deben ser reparados moralmente e en todos os sentidos, senón que ademais é fundamental que se depure a fondo un aparello do Estado incrustado de franquistas, na xudicatura, na dirección da policía, da Garda Civil, no Exército, e que se acabe coa impunidade que a mal chamada Lei de Amnistía de 1977 proporcionou a estes crimes. Unha lei que en realidade é de punto e final, e que demostra as tremendas e dramáticas concesións que os dirixentes da esquerda, do PCE e do PSOE, realizaron nos anos da chamada Transición.


Esta introdución é un modesto tributo ás vítimas,

EM.— O libro aborda unha parte considerable da historia contemporánea do Estado español, en que medida condicionou este período o proceso posterior, de revolución e guerra civil?

JIR.— Unha das lagoas máis importantes en moitos dos materiais que abordan a crise revolucionaria de 1931-1939 é que non consideran, ou o fan de maneira moi superficial, as loitas de clases que percorren as décadas precedentes e que explican a natureza explosiva dos anos da Segunda República. Compreendendo a configuración do réxime burgués español, e a alianza estratéxica da nova clase capitalista emerxente coa aristocracia terratenente, a Coroa e a Igrexa, pódese entender por que calquera reforma democrática, calquera concesión ás masas, sempre chocou cunha oposición

visceral desde o poder económico e político. Isto é o que explica os sucesivos abortos da revolución burguesa en España, a persistencia do problema nacional, da gran propiedade terratenente, do poder omnipresente da Igrexa, do papel de primeira orde que o exército xogou na vida política do país, e sobre todo, a dureza que adoptou a loita de clases.

Desde a crise do sexenio revolucionario (1869-1874) e a Primeira República; na Semana Tráxica de Barcelona en xullo de 1909; na gran folga revolucionaria de agosto de 1917, no trienio bolxevique e os movementos xornaleiros e obreiros daquel período, cimentáronse as bases políticas e organizativas das grandes organizacións obreiras, non só das socialistas, senón do gran movemento anarco-



sindicalista, establecéronse as súas tradicións e as súas raíces na vangarda campesiña e proletaria, e moldeouse a conciencia do movemento. Creo que analizando todos estes antecedentes compréndese moito mellor o movemento revolucionario que culminou coa proclamación da Segunda República, o fracaso do goberno de conxunción republicano-socialista (1931-1933) e o posterior triunfo de CEDA en novembro de 1933, co que este primeiro volume acaba, e o desenvolvemento da loita de clases entre 1936-1939 que xa abordarei no segundo libro.

EM.— Entre a xente da esquerda, especialmente entre a mocidade, hai unha crecente identificación coa

bandeira da república como símbolo de protesta. Que conclusións pódense sacar da experiencia da Segunda República para a súa aplicación na situación actual?

JIR.— A conclusión daquela experiencia é evidente. Como sinalaba Lenin, calquera república, por moi democrática que aparente ser, se deixa intacto o poder dos capitalistas, se se basea na propiedade privada dos medios de produción, na economía de mercado, e conserva un aparello estatal controlado polos burgueses aínda que se cualifiquen de republicanos, Sarkozy é un bo exemplo de ao que me refiro, non poderá satisfacer as necesidades nin as aspiracións dos traballadores, da mocidade, dos oprimidos. Chegados a un punto crítico, a Segunda República, ou mellor dito, os líderes republicanos e socialistas, para non “provocar” aos terratenentes e aos capitalistas deixaron a medias os seus intentos de reformas, ou directamente abandonáronas. A burguesía española, como hoxe fan os capitalistas en Venezuela, sabotaron a economía e opuxéronse con uñas e dentes a calquera intento de depuración do exército, de pór fin ao poder económico e ideolóxico da Igrexa, de resolución do problema nacional, de reforma agraria, ou de mellora nas condicións de vida da clase obreira, por citar o máis significativo, preparándose para o golpe definitivo. O que defendo é que todas estas dificultades poderíanse superar enfrontado o golpe fascista nas mellores condicións, se os traballadores tomasen o poder, como en Rusia en outubro de 1917, instaurando unha República obreira. Os traballadores deron a pelexa neste sentido, non nunha senón en moitas ocasións; pero os seus dirixentes, incluídos socialistas e estalinistas, obraban nunha dirección oposta, A lección por tanto é clara: si, queremos república, pero non unha república capitalista, senón unha república dos traballadores, socialista e internacionalista.

EM.— Que ten previsto a Fundación Federico Engels para dar a coñecer o libro? Para cando a segunda parte?

JIR.— O libro acábase de editar e ímolo distribuír, como todas as publicacións da Fundación, dunha maneira militante, en actos públicos, manifestacións, Feiras do Libro. Agora imos comezar un labor de propaganda e a partir do mes de febreiro de 2011 organizaremos unha ampla campaña de presentacións públicas nunha boa cantidade de cidades e localidades, coincidindo co oitenta aniversario da proclamación da Segunda República. As presentacións realizarémolas en locais sindicais, universidades e a elas queremos convidar as Asociacións da Memoria Histórica. En canto ao segundo volume, empezarei a fondo con el a partir de mediados do próximo ano.

**FUNDACIÓN
FEDERICO
ENGELS**

www.fundacionfedericoengels.org
Libros e publicacións marxistas

Podes atopalos na Feira de asociacións do Festigal e na mañá do 25 na Alameda. Tamén en:

A LIBRERIA MARXISTA
r/ Pontevedra 18, baixo [Ferrol]

